



RESOLUCIÓN DO 13 DE FEBREIRO, DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL PARA O PROXECTO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE VILADONGA (CASTRO DE REI) LUGO, PROMOVIDA POLA D.X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL. (CLAVE DO EXPEDIENTE: 2018/0012).

De conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación de Proxectos, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental (BOE núm. 296, de 11 de decembro) establece, no artigo 7,2 que os proxectos incluídos no seu Anexo II, serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada, na forma prevista na Sección 2ª do capítulo II (título II) de dita lei.

O proxecto obxecto da presente resolución está entre os incluídos no Anexo II, grupo 1 a) "Proxectos de concentración parcelaria que non estean incluídos no Anexo I cando afecten a unha superficie maior de 100 ha". Polo que de acordo co seu artigo 47, procede determinar se debe someterse ou non a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

OBJECTO DO PROXECTO; DESCRICIÓN; LOCALIZACIÓN; PROMOTOR E ÓRGANO SUBSTANTIVO.

1.1.- Obxecto do proxecto.

O proxecto presentado consiste na reestruturación parcelaria de Viladonga, concello de Castro de Rei, Lugo. Ten como obxectivo identificar e avaliar os posibles impactos que se poidan producir sobre o medio, polo desenvolvemento do proceso de reestruturación parcelaria, e definir unha serie de medidas preventivas, correctoras, ou no seu caso compensatorias, que poidan contribuír a diminuír os impactos que se produzan. Terase en conta a modificación da Lei 21/2013, de 9 de decembro.

Haberá que manter unha zona de aproveitamento, na que se excluírán as especies de crecemento rápido, así como especies invasoras.

1.2.-Descrición do proxecto:

1.2.1.- Localización.

A zona onde se vai a realizar a concentración parcelaria é a parroquia de Viladonga no termo municipal de Castro de Rei.

A parroquia de Viladonga limita ó norte coas parroquias de Valmonte e Ramil, ó sur con Ludrio, o leste ca parroquia de Ramil e concello de Pol, e o oeste coas parroquias de Ansemar e Valmonte.

A zona ten unha superficie total aproximada de 632 ha, á que hai que descontarlle as infraestruturas existentes na zona, que se inclúen no proceso de reestruturación (estradas e camiños), cunha superficie de 25,44 ha. o MVMC de Rodela e Touzón que ocupan 271,39 ha. tamén se descontan, polo tanto a superficie a concentrar e de 360,95ha. aproximadamente.

O número de parcelas antes da reestruturación (excluíndo o MVMC) é de 1.199 que pertencen a 217 propietarios, sendo a superficie media da parcela antes da reestruturación de 0,30 ha, e o número de parcelas por propietario de 5,53.

O número previsto de parcelas de substitución é de aproximadamente 352, que terán unha superficie media de 1,02ha.

1.2.2.-Accións do proceso da concentración Parcelaria.

As fases e actuacións complementarias da reestruturación parcelaria, realizaranse segundo o artigo 18 da Lei 4/2015 de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, son as seguintes:

a) Bases de reestruturación parcelaria.

Definición do parcelario, investigación da propiedade e clasificación de terras. Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria e todos os datos necesarios para a redacción das bases.

b) Acordo de reestruturación parcelaria.

Executadas as operacións técnicas de deseño dos novos predios de substitución, entregarase aos propietarios, o documento resumo no que se relacionan os predios de substitución, ó cal poderán presentar alegacións.

c) Acta de reorganización da propiedade.

A aprobación pola dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, da acta de reorganización da propiedade supoñerá o remate do proceso de reestruturación parcelaria.

No procedemento de reestruturación parcelaria, inclúense as seguintes actuacións complementarias, necesarias para o seu desenvolvemento:

- Preparación dos planos parcelarios cartográficos.
- Elaboración do documento ambiental previo e do estudo de impacto ambiental, que conteña o catálogo de elementos estruturais e funcionais para conservar as características paisaxísticas máis relevantes.
- Elaboración do Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria onde se ordenará a zona para definir as áreas de especial vocación agraria.
- Elaboración dun plan de obras que incluíra a rede de camiños principais e secundaria, e acondicionamento dos mesmos.
- Implantación dos predios de substitución.
- Inmatriculación rexistral dos mesmos.

1.3.-Descrición do medio.

A zona de estudo atopase situada na Terra Chá lucense, a 24 km de distancia da capital da provincia (Lugo).

Dita zona atopase situada entre os pisos bioclimáticos Colino (altitude menor de 500) e Montano (500m <altitude <1.400), se pode considerar que nos atopamos en piso bioclimático Colino, xa que o 76,48% da superficie está por debaixo de 500 m.

Consta de varias áreas moi diferenciadas, unha zona norte, e no leste, de pendentes elevadas, sitúase o Castro de Viladonga, e por último a dorsal que deslinda co concello de Pol. Unha faixa central con pendentes suaves, aproveitada con labradíos e pastizais, e con plantacións ou masas de frondosas, nas terras abandonadas, que se atopan polo medio das agras. A zona sur está ocupada polo MVMC, con pendentes suaves, no Oeste; e máis elevadas no Leste, con aproveitamento forestal.

1.3.1.-Xeoloxía e xeomorfoloxía:

Os terreos da zona abranguen dende o Cámbrico, nunha sucesión continua. Estes materiais paleozoicos atópanse apoiados sobre un Precámbrico esquistoso, de afloramentos reducidos, estando recubertos por depósitos máis recentes, terciarios e cuaternarios.



O período Cámbrico caracterízase por:

- cuarcitas de Cándana inferior que está formada por unha alternancia de xistos biotíticos satinados con cuarcita conglomerática.
- lousas, e calcáreas de Cándana, formadas por lousas verdosas e lousas lixeiramente areosas na base.

1.3.2. Hidroloxía:

Na zona atópanse dous regos, o rego de Monte Longo na parte central, e o rego de Xesteira na parte sur da zona, ambos regatos van de Leste a Oeste. Nas proximidades dos regos existen zonas de encharcamento.

Nos regatos, a vexetación de ribeira non ten continuidade. Atópanse especies típicas da vexetación ripícola como son os ameneiros (*Alnus glutinosa*), e os salgueiros (*Salix sp.*).

1.3.3.-Solos.

Poden ser de tres tipos:

- Solos sobre cuarcitas, formados por rochas que posúen minerais resistentes. Si a rocha é dura hai pouco chan, pero si está fracturada permite a circulación de auga, e iniciase a formación dun chan de textura grosa, pH ácido. Orixínanse Podsoles que son chans infértiles, pola súa forte acidez e pobreza en bases, e nutrientes, con escasa capacidade de retención de auga.
- Solos sobre lousas, na súa textura predomina o tamaño limo. Son frecuentes as zonas con chans pouco profundos (Leptosoles, Regosoles e Cambisoles húmidos, de fase superficial), e os acúmulos de materiais coluviais, nos que se está a iniciar de novo o proceso de edafoxénese.
- Solos sobre sedimentos fluviais, neles se atopan dende chans máis ou menos profundos e fértiles como os de moitos dos nosos vales. Nos depósitos de pendente atópanse chans de tipo Regosol e Cambisol districo ou húmico.

O 90% da superficie atópase dentro das catro primeiras clases consideradas aptas para o cultivo, clase II (Laboreo permanente moderado), clase III (Laboreo permanente limitado) e IV (Laboreo permanente ocasional). O resto da superficie non ten utilidade para aproveitamento agrícola polo risco grave de perda da súa capacidade produtiva (clase VI e VII), polo que adícase a aproveitamento forestal.

Con respecto aos usos do chan estes coinciden coa xeomorfoloxía, ocupando as zonas forestais aqueles terreos de maior pendente que debido a isto non puideron ser transformados en cultivos agrícolas, debido as dificultades para a súa mecanización. Existen tamén zonas forestais en terras de labradío e prado abandonados.

1.3.4.-Clima.

A temperatura media anual é de 11,17 C.

A precipitación anual é de 1.059, 15mm e as precipitacións concéntranse nas estacións de outono e inverno.

A falta de auga prodúcese nos meses de xullo e agosto. No mes de agosto prodúcese o esgotamento da reserva de auga do chan, que en dous meses volve recuperar a reserva de 100mm, o exceso de auga dáse entre os meses de novembro a maio.



1.3.5.-Vexetación.

Na zona de estudo existen varias comunidades de vexetación diferenciadas, en función da súa composición florística Poden ser:

- Agrogandeiro.
- Masa frondosas I.
- Masa frondosas II.
- Repoboacións outras especies.
- Repoboacións piñeiro.

Na masa de frondosas I: se atopan masas adultas de *Quercus robur*, *Alnus glutinosa*, *Castanea sativa* e algúns pinos en diversas proporcións, que presentan unha gran frondosidade.

Masa de frondosa II: tratase de masas máis novas e con menor frondosidade que as anteriores.

Nas fragas mesturanse os carballos (*Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*), castiñeiros (*Castanea sativa*), e salgueiros (*Salix alba*), con grandes repoboacións de piñeiro americano (*Pinus radiata*), eucaliptos (*Eucalyptus nitens*), e carballo americano (*Quercus rubra*). Nas ribeiras dos regatos se atopan os ameneiros (*Alnus glutinosa*), chopos (*Populus sp.*), bidueiros (*Betula alba*), e os sabugueiros (*Sambucus nigra*).

No sotobosque atopamos o toxo (*Ulex sp.*), silvas (*Rubus fruticosus*), xestas (*Cytisus sp.*).

Nas pradarias mesturanse diversas clases de herba, tales como trevo (*Trifolium sp.*), raigrás (*Lolium sp.*), madreSelva (*Lonicera periclymenum*), etc.

Pódese considerar como serie representativa da zona, as series de Carballo (*Quercus robur*), atopase representada en varias masas importantes ao longo de toda a superficie.

A vexetación actual adaptase a un clima mediterráneo sub-húmido de tendencia centroeuropeo, dita zona presenta un suave carácter continental, ocupando unha ampla extensión da Galicia interior.

1.3.6.-Fauna.

A vexetación de ribeira proporciona refuxio e comida a un amplo número de especies.

A avifauna da área de estudo ven determinada polos tipos de hábitats presentes e a calidade dos mesmos, tamén pola súa heteroxeneidade e complexidade estrutural do medio, os usos do solo e o clima, caracterízase pola presenza de dous grupos de especies: as que viven na espesura das masas forestais (repoboacións, carballeiras), e as que viven vencelladas a medios abertos de mosaico de prados, cultivos e sebes.

Dentro das masas forestais se atopan aves rapaces como o gabián (*Accipiter nisus*) e o miñado (*Buteo buteo*). Entre as aves rapaces nocturnas se atopan a avelaiona (*Strix aluco*), a cotovía pequena (*Lullula arborea*), vencellada ás orlas forestais.

Os prados e cultivos con sebes en mosaico dan cobizo a especies en declive, tales como a escribenta amarela (*Emberiza citrinella*), e o picanzo vermello (*Lanius collurio*), son hábitats moi importantes como área de campeo, e reserva de alimentación de diferentes especies de aves rapaces.

No que respecta os mamíferos, en dita zona inventariáronse 15 especies de mamíferos, 7 delas detectadas nas mostraxes. O grupo de maior interese polo ameazado que se encontra, é o dos quirópteros ou morcegos. Son de gran importancia as casas vellas e edificios abandonados, carballeiras, como zonas de reprodución e refuxio. Na zona de



estudo existen 3 especies, entre elas, cabe destacar : *Myotis* sp, o morcego das hortas (*Eptesicus serotinus*), e o morcego común (*Pipistrellus pipistrellus*).

Con respecto os anfibios e réptiles, predominan as especies eurosiberianas e algunhas endémicas do occidente ibérico, entre elas *Salamandra salamandra*, *Lissotriton boscai*, *Bufo bufo* etc. As áreas de maior valor herpetolóxico, son os cauces fluviais existentes.

Varias especies de aves utilizan a zona de estudo nos seus desprazamentos migratorios, cabe destacar *Stereptopelia turtur*, *Caprimulgus europaeus* e *Lanius collurio*, as cales teñen unha migración de Sur a Norte.

A zona de estudo está incluída dentro da Reserva da Biosfera de Terras do Miño.

1.3.7.-Análise da paisaxe.

Na paisaxe da zona se diferencian tres zonas: agrícola-gandeira, masas de arborado autóctono e plantacións forestais produtoras.

O proceso de reestruturación parcelaria ten como consecuencia a creación dunha nova paisaxe agraria, na que a alteración das características perceptuais son a expresión visual da modificación dos elementos naturais ou antropoxénicos.

Recoñécense as seguintes Unidades Ambientais:

- Breixeiras húmidas atlánticas de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*. Son propias de áreas con clima oceánico, entre as plantas cabe destacar: *Erica ciliaris*, *Erica tetralix*, *Ulex minor* entre as mais destacadas e abundosas. Esta zona está localizada entre o Cordal e A Carballeira.
- Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*. Caracterízase por posuír *Quercus robur*, e nalguns casos coexisten outras especies como *Castanea sativa* e *Betula celtiberica*. Atópanse principalmente no norte da zona de estudo.
- Soutos de *Castanea sativa* (9261). Está situada na pena de Abaixo, tratase dunha plantación de máis de 20 anos de idade.
- Masas de frondosas, formadas por masas adultas de *Quercus robur*, *Alnus glutinosa*, que supoñen unha superficie de 13,7023 ha.

Existen masas de frondosas máis novas e con menor frondosidade que as anteriores, suman unha superficie de 35,8597 ha.

- Agrícola-gandeiro, comprende unha superficie de 173,3520 ha. Ocupada por campos de cultivo, pastos e matogueira, son espazos relacionados coas explotacións agrarias.
- Masa de repoboación forestal, que corresponde coas masa forestais procedentes de repoboación con especies produtoras de rápido crecemento, formadas por piñeiro americano (*Pinus radiata*), eucaliptos (*Eucalyptus nitens*), e carballo americano (*Quercus rubra*).

1.3.8.-Estudo patrimonial.

En relación ao patrimonio histórico e cultural, identificáronse elementos patrimoniais pertencentes, por unha banda a clase de depósitos arqueolóxicos, e por outra banda a elementos etnográficos, arquitectónicos e xacementos arqueolóxicos.




O listado dos Bens Patrimoniais son os seguintes:

- Castro de Viladonga, situado en a Pena de Abaixo, e un asentamento de gran extensión que ocupa toda a croa do outeiro.
- O Castrelo, situado en a Casela, e un asentamento de reducidas dimensións.
- O Rodao, situado en a Cova, e un pequeno asentamento.
- Igrexa parroquial de Santiago de Viladonga.
- Cabazo de Casa de Alejandro.
- Agra dos Outeiros, (pequeno outeiro).

1.4.-Promotor e órgano substantivo.

O promotor e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, sendo tamén o órgano substantivo, que controla a actividade á que se destina o proxecto.

Unha imaxe da zona afectada sería a seguinte:





2.-TRAMITACIÓN.

Unha vez recibido o documento ambiental, e en virtude do artigo 46 da Lei 21/2013, se realizaron as seguintes consultas.

Organismo	Recibido	Non Recibido
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	X	
Instituto de Estudos do Territorio	X	
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	X	
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	X	
Concello de Castro de Rei		X
Sociedade Galega de Historia Natural	X	

Ademais o documento ambiental estivo dispoñible para o público, a través da páxina Web da Consellería de Medio Ambiente.

Os organismos que responderon as consultas realizadas, informan o seguinte:

2.1.-Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Informa que :

No documento ambiental inclúese unha descrición da rede de camiños proxectada, pero non se avalía a memoria arqueolóxica e o impacto que esta rede de camiños ocasionaría sobre os bens do catálogo.

Durante o proceso de concentración parcelaria poden ocasionarse impactos sobre o patrimonio cultural na fase de execución de obras, e tamén poden provocar impactos os usos das novas fincas de reemprazo.

As recomendacións a ter en conta durante todo o proceso serán as seguintes:

- Nas actuacións na contorna de protección dos bens do patrimonio cultural, observárase o disposto nas normas técnicas de intervencións establecidas nos artigos 45 e seguintes da LPCG.
- No que respecta a rede de camiños, esta deberá apoiarse sobre os camiños rurais xa existentes, non atravesando as zonas de protección do patrimonio cultural, salvo que sexa estritamente necesario.
- No contorno dos bens declarados de interese cultural (BIC) deberase conservar a estrutura parcelaria e camiños existentes, para non modificar a paisaxe que a rodea.
- As trazas dos novos camiños terán que respectar a vexetación de bordo dos camiños antigos, cando coincidan en traza, mantendo un bordo do camiño vello coa vexetación existente e os muros de pedra.
- Os camiños que rematen nos núcleos tradicionais deberán reducir o seu ancho a medida que se achegan a eles, ata acadar o ancho do camiño no que desembocan.
- En relación o novo parcelario, haberá que prever o seu axuste o máximo, ao existente, nas áreas de protección dos elementos do patrimonio cultural, agrupando parcelas de extensión reducida, para unificar e facilitar o cultivo, sen introducir novas liñas alleas ás existentes.



- O deseño das futuras fincas será coherente coa preservación dos camiños tradicionais e corredoiras que se identifiquen no estudo do patrimonio cultural, de xeito que podan seguir en uso ou dar acceso ás parcelas.
- No deseño das futuras parcelas tería que terse en conta a paisaxe tradicional (caracterizado pola abundancia de valos artesanais de pedra), e facer coincidir os antigos e os novos lindeiros de fincas, para conservar estes elementos da paisaxe galega. Os elementos que haxa que retirar deberán ser obxecto de recuperación, aproveintándose, para definir as novas fincas.
- Os xacementos arqueolóxicos de maior extensión haberá que incorporalos a unha masa común.
- Os elementos etnográficos, como pontellas, pozas, fontes, cruceiros, deberán quedar en zonas exentas de reparcelación e garantir o seu acceso.
- A rede de camiños proxectada, terá que ser autorizada e aprobada pola consellería con competencias en materia de patrimonio cultural, xa que afecta ao contorno de protección de bens do Catálogo do patrimonio cultural de Galicia.

2.2.-Instituto de Estudos do Territorio.

Unha das principais afeccións na área paisaxística debese a rede de camiños e pistas, para unha mellor conservación dos valores paisaxísticos do ámbito, deberanse ter en conta as seguinte consideracións:

- Terase que valorar a non execución do novo camiño F-2, dado que nas proximidades deste, en paralelo, propónse o acondicionamento dun camiño existente (chamado F-4), e que supón un novo cruce polo Rego de Monte Longo, e a afección, as masas de frondosas que segundo o EIIP son zonas de maior calidade e fragilidade paisaxística.
- Semellante ao caso do camiño F-2, estaría o trazado do camiño B, xa que existe unha pista que provocaría a fragmentación dunha masa de frondosas determinada como de calidade paisaxística alta.
- O camiño A-4, de nova apertura, afástase dun camiño preexistente e moi próximo, no que non se axustarían as medidas de integración paisaxística propostas de aproveitar os trazados previos.
- No que respecta o camiño de nova apertura E debería estudarse a viabilidade de utilizar o camiño existente paralelo o novo trazado polo nordés, para así evitar unha maior afección ao territorio, ademais terá que quedar xustificada a necesidade de asfaltado do mesmo.

Considerase que o proxecto analizado pode provocar un certo impacto paisaxístico que é necesario mitigar.

2.3.-Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

En relación cas afeccións sobre o medio hídrico, estarase ao seguinte:

1.-Disponibilidade de recursos hídricos, vertidos e retornos.

- Indicarase a orixe e a previsión de consumo de auga, para os diferentes usos contemplados no proxecto, e garantirase a existencia de recursos suficientes para satisfacer as demandas. Realizarase un estudo hidroxeolóxico, no caso de que se xeren afeccións significativas, con respecto aos consumos actuais ou previstos, que permita identificar os posibles impactos no réxime das augas subterráneas e superficiais.
- Os métodos de extracción, almacenamento, distribución, así como os diferentes caudais, terán que ser compatibles co disposto no plan Hidrolóxico Miño-Sil e adecuarse ao especificado na orden ARM/1312/2009, de 20 de maio, pola que se regulan os sistemas para realizar o control efectivo dos volumes de auga utilizados polos aproveitamentos de auga do dominio público hidráulico, dos retornos ao dominio público hidráulico e dos vertidos ao mesmo.



- Haberá que contemplar as medidas preventivas e correctoras necesarias para evitar a incorporación de fugas ou derrames de aceites, combustibles e outros contaminantes a rede de augas pluviais, ao dominio público hidráulico durante as fases de obra e explotación. Os vertidos de aceites, combustibles, cementos e outros sólidos contaminantes, en ningún caso se verterán directamente ao terreo, e as augas, adoptaranse medidas para prever estas situacións, especialmente para todo o que estea relacionado co parque de maquinaria e zonas de tránsito de vehículos, e deberán establecerse medidas preventivas nas accións sobre a auga, relacionadas coas augas de escorrentía, e os hidrocarburos líquidos, utilizados polas máquinas, xa que son contaminantes, por alterar as augas superficiais e incluso as subterráneas.
- No caso de balsas de rego habería que evitar o vertido ou depósito de materiais, sustancias ou elementos biolóxicos por medio do valado perimetral das mesmas.

2.-Cartografía do dominio público hidráulico e zonas inundables.

De acordo co disposto no artigo 49 do Plan Hidrológico Miño-Sil, analizaranse as condicións de drenaxe superficial do territorio.

Deberase presentar unha proposta cartográfica cos elementos do dominio público hidráulico e as súas zonas inundables, que deberá ser aprobada por este organismo de Conca, antes do inicio dos traballos, e que servirá de base para as autorizacións que procedan por parte da confederación Hidrográfica do Miño-Sil, relacionadas cas distintas actuacións plantexadas no proxecto.

En todos os casos darase cumprimento das determinacións establecidas na sección IV, medidas para a protección contra as inundacións e sequías do Plan Hidrológico Miño-Sil, relacionadas cas actuacións descritas no proxecto.

3.-Consideracións finais.

Analizaranse as posibles afeccións do proxecto sobre outros aproveitamentos da auga, rexistrados na zona, sobre as zonas protexidas referidas no Anexo III do Real Decreto 1/2016 polo que se aproba o Plan hidrológico da demarcación Hidrográfica do Miño-Sil, en relación cos impactos vinculadas coas extraccións de auga.

Toda actuación silvícola que puidera afectar a calidade ou cantidade de recurso hídrico, que estea vinculado a unha zona protexida, require autorización previa por parte do Organismo de Conca

Durante a fase de explotación e abandono da actividade, incluíranse dentro das medidas de vixilancia e seguimento ambiental o control da calidade das augas. Ademais de todo isto farase unha previsión da carga gandeira prevista e fertilización orgánica.

As zonas de instalacións auxiliares, as zonas de acopio temporal e os vertedoiros, non se localizarán sobre cursos fluviais nin zonas de servidume, e ecosistemas riparios asociados, así como nas zonas de fluxo preferente, e a zona inundable dentro da zona de policía, para no interferir na rede de drenaxe natural do terreo, así como para dar cumprimento ao disposto na Sección IV.

Para os tramos fluviais que non se atopen dentro do Sistema Nacional de Cartografía de Zonas inundables, se realizarán estudos de inundabilidade específicos, para dar cumprimento ao disposto nos artigos 9, 9 bis do Real Decreto 849/1986 de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

De acordo co artigo 23.2 do plan hidrológico Miño-Sil, será de aplicación o principio de non deterioro para as masas de auga afectadas polo proxecto, en base ao disposto para as mesmas no Apéndice 10 da revisión do Plan Hidrológico Miño-Sil aprobado por Real Decreto 1/2016.



2.4.-Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Informa que :

- Con respecto a paisaxe, adaptaranse algúns dos lindes da configuración actual das parcelas o deseño do parcelario definitivo, para facilitar un maior grao de conservación das sebes.
- Garantírase a conservación de exemplares, que estean presentes na zona de actuación, de especies de flora e fauna recollidas no Catálogo de Especies Ameazadas.
- Con carácter xeral nas obras ligadas cos camiños, teranse en conta as seguintes consideracións:
- Evitarase a corta de frondosas autóctonas nas obras de ancheamento, e no caso de que isto non sexa posible, actuarase na marxe de menor valor ecolóxico.
- Evitarase a afección ós hábitats recollidos no Anexo I da Directiva 43/92/CEE.
- Xustificarase a necesidade do asfaltado de determinados camiños.
- Tomaranse medidas contra calquera proceso de tipo erosivo.
- Adoptaranse drenaxes transversais para evitar interferencias coa hidroloxía orixinal do terreo.
- Con respecto o Plan de Vixilancia terá que conter as medidas para evitar a afección aos valores naturais da zona, especialmente á conservación das sebes e asegurar o cumprimento do establecido en materia de xestión de emisións, residuos e vertidos.

2.5.-Sociedade Galega de Historia Natural.

Informa que:

- Se preservarán as masas e sebes de árbores e arbustos autóctonos.
- Preservación dos leitos fluviais, as ripisilvas, as zonas asolagables e os prados de sega.
- Avaliación da produtividade das terras antes da concentración parcelaria, en termos económicos e agrícolas.

3.-ANÁLISE SEGUNDO OS CRITERIOS DO ANEXO III:

3.1.-Criterio1.-Características do proxecto.

O proxecto consiste na reestruturación parcelaria que afecta a parroquia de Viladonga, no termo municipal de Castro de Rei.

O lugar de actuación forma parte da grande área paisaxística Galicia Chairas e Fosas Luguesas, na comarca paisaxística A Terra Chá, na zona norte. Dentro do ámbito do proxecto localízase a área de especial interese paisaxístico (AEIP) Castro de Viladonga, cuxa delimitación queda dentro dunha zona de exclusión da reestruturación.

Os terreos da zona de estudo localízanse nas unidades de paisaxe de agrosistema intensivo (mosaico agroforestal), agrosistema intensivo (plantación forestal) e urbano (diseminado).

A paisaxe da contorna presenta áreas diferenciadas. A zona leste e norte mostra un relevo de pendentes elevadas, onde se asenta o castro de Viladonga. Na parte central a topografía suavízase e favorece o desenvolvemento das terras de labradío e pasteiros, nesta zona aparecen masas de frondosas que se intercalan coas agras, excepto no alto da cova. Na zona sur, predomina o aproveitamento forestal, con cultivos de piñeiros e eucaliptos, esta é unha zona de pendentes moderadas.



A parroquia é atravesada por dous cursos de auga, o rego de Xesteira que se atopa cara o sur e o rego de Monte Longo na parte central.

3.2.-Criterio 2.-Emprazamento do proxecto.

A superficie a reestruturar quedaría en 360,95 ha aproximadamente, unha vez descontadas as infraestruturas existentes (que non se inclúen no proceso de reestruturación), as zonas de exclusión e as áreas de monte veciñal en man común de Rodela e Touzón.

A principal vía de comunicación é a estrada N-640 que atravesa a parroquia de norte a sur, desta estrada parte a rede viaria secundaria que comunica os distintos núcleos de poboación, fundamentalmente localizados na parte central da parroquia rodeados de terras de labor, como Montebón, Cova ou A Cañoteira.

Os camiños proxectados representan unha lonxitude de 7.490 m, dos cales 6.410 m trátanse de tramos de camiños de nova apertura, e os restantes corresponden a tramos existentes a acondicionar. Polo que respecta a estes últimos non dispoñen das características axeitadas que se pretenden establecer de un ancho de plataforma de 5m e 1m de cuneta, a súa vez contéplase a posibilidade de asfaltar algúns tramos como por exemplo o camiño E de 858m. e o camiño F de 790.

Para promover a conservación da área propónse a exclusión de 56,37 ha. correspondentes á zona de protección do Castro de Viladonga, na cal se atopan tres das seis masas de Carballeiras galaico-portuguesas(9230) existentes na área de estudo .A superficie restante está cuberta por hábitats de interese comunitario que se adxudicaran o mesmo propietario ou crearanse subperímetros nos que se devolverán as mesmas leiras ós seus propietarios

3.3.-Características do potencial impacto.

Dende o punto de vista da dirección Xeral de Patrimonio Natural , o plan de seguimento e control establecerá medidas para evitar a afección ós valores naturais da zona, en especial á conservación das sebes, e asegurar o cumprimento do legalmente establecido en materia de xestión de emisións de residuos e vertidos. Haberá que implantar un plan de seguimento baseado nos seguintes mínimos:

- Valorar a idoneidade das medidas adoptadas.
- Realizar un informe previo a calquera intervención sobre o medio que garanta a salvagarda dos valores naturais.
- Realizar informes periódicos para valorar as interaccións sobre o medio e a efectividade das medidas adoptadas.
- A periodicidade dos seguimentos deberá ser xustificada para o cumprimento dos obxectivos previstos.

Analizaranse as posibles afeccións do proxecto sobre outros aproveitamentos de auga rexistrados na zona, sobre as zonas protexidas referidas no Anexo III do Real Decreto 1d/2016 polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil, e en relación cos impactos vinculadas coas extraccións de auga.

No documento ambiental non se avalía o impacto que a rede de camiños tería sobre os bens do catálogo.

Durante o proceso de reestruturación parcelaria poden ocasionarse impactos sobre o patrimonio cultural na fase de execución de obras (camiños principais e secundarios ou acceso a novos predios). Outra das afeccións a considerar sería o uso das novas fincas de reemprazo.

A eliminación de elementos lineais que configuran a paisaxe e a modificación do relevo natural nas áreas de protección dos elementos do Patrimonio Cultural, terá carácter excepcional e requirirá un estudo detallado do entorno do elemento afectado.

4.-CONDICIÓN AMBIENTAIS.

O obxectivo principal é establecer as medidas protectoras e correctoras que cabe aplicar na zona afectada, polo proxecto de Reestruturación Parcelaria, da parroquia de Viladonga, tanto na fase de formulación, como execución e explotación, co fin de lograr unha correcta integración ambiental das novas infraestruturas e estruturas parcelarias. Queda excluída da zona de reestruturación o Castro de Viladonga, situado ao norte da zona de estudo, tamén quedan fora dos traballos de reestruturación parcelaria tres das seis masas de carballeiras galaico-portuguesas, atópanse dentro da área de protección do Castro de Viladonga.

Unha vez efectuada a análise do expediente, o informe refírese o proxecto de reestruturación parcelaria de Viladonga, no concello de Catro de Rei, provincia de Lugo.

As fases do proceso de reestruturación parcelaria capaces de producir impactos e os seus efectos potenciais son:

a) Fase de formulación: ca realización dos seguintes documentos :

- -Respecto da distribución das parcelas: o Proxecto e o Acorde de concentración parcelaria.
- -Respecto da execución de obras : o Proxecto de Rede de camiños e Obras inherentes á concentración,
- Proxecto de Acondicionamento de fincas e outros proxectos de Obras complementarias.

b) Fase de execución:

- Substitución e conformación de novas fincas de substitución.
- Construción da rede de novos camiños de servizo.
- Obras de infraestruturas.
- Mellora de infraestruturas de drenaxe.

c) Fase de explotación:

- Execución do acordo: toma de posesión das novas fincas.
- Uso das obras complementarias.
- Mantemento de sebes, valados e superficies forestais autóctonas

4.1.-PROTECCIÓN DO SOLO.

4.1.1.-Fase de formulación.

4.1.1.1.Movementos de terras.

Definiranse as zonas para o almacenamento de terras, a selección das zonas realizarase en base a criterios ambientais. Terase en conta, que no caso en que existan ocos na contorna, procedentes de actividades extractivas abandonadas ou movementos de terras, primará o seu uso fronte o de outras zonas, sempre que sexa viable e sempre que estean integrados na contorna, pero en ningún caso se depositarán os sobrantes nas zonas con valores ambientais relevantes identificados no estudo ambiental.

Incidirase sobre os seguintes aspectos:



- Determinarase se as superficies correspondentes á unidade ambiental definida no proxecto como “Masas de frondosas”, corresponden ou non a algún hábitat de interese comunitario.
- Determinar o grao de conservación das sebes.
- Garantir a conservación dos exemplares, que puideran estar presentes na zona de actuación, de especies de flora e fauna recollidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.
- Non se poderán utilizar as zonas de servidume dos cursos fluviais, as zonas de pendentes próximas a estes, nin nas que interfiran ca rede natural de drenaxe.
- Todas as obras relacionadas cos camiños, xunto coa situación das instalacións provisionais, débense situar sobre terreo sen vexetación natural.

As zonas dedicadas a maquinaria e casetas de obra deberán estar definidas, e debidamente balizadas e illadas do resto da vexetación con gabias ou cubetas que eviten as perdas ou verteduras. O finalizar, estas zonas deberán ser recuperadas debidamente e revexetadas con vexetación autóctona.

4.1.1.2.-Rede de camiños.

Na execución dos camiños deberán tomarse as seguintes medidas de conservación:

- No trazado dos camiños aproveitarase o máximo os xa existentes, conservando a maior parte da vexetación arborea e valados de pedra. Tenderase a seguir as curvas do terreo.
- Os de nova apertura se proxectarán de tal xeito que, ocupen o menor solo posible, evitando firmes innecesarios, así como trazados reiterativos, adaptándose a xeomorfoloxía existente.
- Evitar a perda da capacidade de filtración das marxes dos regatos, e o aumento de escorrentía directa nas zonas dos cruces. Realizarase a plantación de especies de ribeira autóctonas nas beiras que resulten danadas ou carezan de vexetación.
- Aplicar as medidas preventivas durante a manipulación dos formigóns e cementos, para evitar arrastres e vertidos aos cursos fluviais.
- Os residuos que resulten das accións previstas, non poderán ser acumulados en lugares próximos ao río para evitar ser arrastrados por chuvias, debendo ser tratados e xestionados segundo a lexislación vixente.
- Excluirase de toda actuación o ancho da ocupación dos cursos fluviais e das canles, xunto coa superficie ocupada pola vexetación de ribeira e as zonas de exclusión delimitadas no EslA, excepto os casos de cruzamento de rede fluvial, sendo neste caso os estribos das estruturas de paso, e situaranse a polo menos 5 m desde a liña de máximas crecidas.
- A proposta definitiva da rede de camiños debe buscar un acordo entre a necesidade de dar acceso ás fincas de substitución e a preservación dos espazos de alto valor ambiental.
- Evitaranse tramos que afecten áreas dos elementos do patrimonio cultural.
- Justificar asfaltado.

4.1.2.-Fase de execución (fase de obra).

4.1.2.1.Materias de préstamos e canteiras.



O material de canteira necesario para o desenvolvemento das obras deberá proceder de explotacións autorizadas. Definiranse os lugares de amoreamento de materiais e verteduras ca conseguinte integración no medio.

Con carácter xeral non se efectuarán prestamos na zona, excepto xustificación previa, e deberán efectuarse en lugares previamente sinalizados e procederase a súa integración no medio.

Si se precisan achegas externas de terra vexetal, non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, deberá ser xestionada de maneira racional para garantir a súa conservación.

Cando fose preciso realizar voaduras, dispoñerase dos medios necesarios para evitar a proxección de fragmentos de rocha na contorna.

4.1.2.2.-Construcións.

Será necesario balizar as zonas de exclusión para minimizar os impactos sobre os ecosistemas fluviais e teselas de especies de vexetación.

4.2.-PROTECCIÓN DAS AUGAS.

4.2.1.-Fase de formulación.

En todo momento haberá que ter en conta as limitacións e demais prescricións establecidas no Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de Xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento de Dominio público Hidráulico (RD849/1986, DO 11 de Abril, modificado polo RD 606/2003 de 23 de maio).

Toda afección no dominio público hidráulico ou na súa zona de servidume e policía, así como calquera captación ou vertedura, precisará da autorización ou permiso do organismo competente.

4.3.-XESTIÓN DE RESIDUOS.

Os residuos serán xestionados de acordo coa súa natureza e normativa vixente, primando a reciclaxe ou reemprego fronte á vertedura.

Os envases baleiros de calquera tipo de residuo deberán ser depositados en contedores habilitados (Sistema integrado de Xestión de Envases), e entregado a un xestor autorizado.

En relación a biomasa vexetal eliminada, primarase a valoración, evitando a queima no lugar, de ser o caso, deberá contar coa autorización regulamentaria.

Os restos vexetais deberán ser compostados sempre que sexa posible, e cando sexan depositados sobre o terreo levarase a cabo a tritución e incorporaranse o solo, de este xeito, se diminúe o risco de incendios forestais, e evitase a aparición de pragas.

Evitarase toda actuación que leve asociada a vertedura accidental de sustancias contaminantes na zona da concentración parcelaria e na súa contorna.

4.4.-PROTECCIÓN DA FAUNA, VEXETACIÓN E ESPAZOS PROTEXIDOS.

4.4.1.-Fase de formulación.

4.4.1.1. Áreas con valores naturais.

- Terase especial atención coas áreas sensibles, e adoptaranse medidas protectoras e correctoras, serán obxecto de un seguimento e vixilancia ambiental.
- Terase especial cuidado coas áreas sensibles e adoptaranse medidas protectoras, correctoras e reparadoras. Serán obxecto de seguimento e vixilancia ambiental. Estas áreas deberán ser sinalizadas durante o replanteo da obra.



- Restrinxírase ao máximo a eliminación da vexetación arbórea autóctona.
- Antes do inicio das obras farase unha prospección para detectar a presenza de taxons e hábitats protexidos pola lexislación vixente, e adoptaranse as medidas necesarias para a súa preservación.
- Non se poderá alterar o hábitat de especies protexidas, e comunicarse o seu achado a Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
- Adoptaranse as medidas necesarias ao longo de todo o proceso, para evitar a afección aos elementos protexidos.

Incorporarase ao deseño das novas parcelas, as sebes, lindeiros e arbolados presentes na zona. Así mesmo consideraranse áreas sensibles os ecosistemas ligados a auga, os corredores ecolóxicos e demais hábitats antropoxénicos de interese natural, cultural ou paisaxístico, como vexetación de ribeira, sebes, bancais, corredoiras, etc. E así mesmo as especies vexetais e faunísticas, tanto endémicas como protexidas.

4.4.1.2. Terreos forestais.

Os aproveitamentos forestais nas zonas de concentración parcelaria levaranse a cabo de acordo cas características culturais de cada especie, dos tratamentos silvícolas, e dos tipos de corta de rexeneración.

Non se permitirá a repoboación, na zona concentrada, con especies alóctonas de crecemento rápido.

As parcelas agrícolas desta zona de concentración plantadas con especies del género eucaliptus, o ser talados para aproveitamento, serán substituídos por especies de ecotipos locais.

4.4.1.3. Paso de animais.

Cando sexa necesario habilitar pasos canadenses nos camiños, para impedir o paso de gando, haberá que habilitar medidas que fagan posible o escape de pequenos vertebrados que poidan caer o foso.

4.4.2.-Fase de explotación.

4.4.2.1.-Xestión e protección das áreas con valores naturais.

Antes de realizar os labores de roza de mato e formacións herbáceas, haberá que comprobar a ausencia de especies de interese, e en caso de presenza, se adoptarán medidas para evitar as afeccións sobre as mesmas, fundamentalmente prestarase atención as especies en perigo de extinción.

Tomaranse as medidas seguintes:

- Balizaranse as masas e formacións vexetais de interese ambiental para evitar a súa eliminación.
- Reducirase a eliminación da vexetación, respectando toda a vexetación existente, que non resulte afectada directamente pola execución das obras.

Cando se leven a cabo repoboacións con especies pertencentes a ecotipos locais, en zonas forestais, contarase co informe favorable da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

4.4.2.2.-Presenza de fauna.

Haberá que verificar a ausencia de avifauna nidificante antes das labores de corta de arboredo ou roza de mato, e no caso de que se atopen se adoptarán medidas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor.



Establecerase un perímetro de seguridade de 500 metros, libre de maquinaria, e de todo tipo de tráfico, que garanta a tranquilidade das aves, en período de nidificación.

4.5.-PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL.

Segundo o artigo 34 da LPCG sinalase que os proxectos que pola súa incidencia sobre o territorio poidan supoñer afección sobre o patrimonio cultural de Galicia someteranse ao informe da consellería competente na materia, quen establecerá as medidas protectoras, correctoras e compensatorias necesarias para a salvagarda do patrimonio. Farase unha avaliación do impacto, do proxecto sobre o patrimonio cultural. Realizarase unha prospección arqueolóxica de todo o ámbito do proxecto, que terá que ser máis intensiva nos terreos que van a ser afectados directamente, como e o trazado de camiños.

Incorporarase un estudo detallado dos elementos afectados, considerando este entorno, como as áreas de protección definidas na normativa urbanística vixente, e subsidiariamente as fixadas no artigo 38 da LPCG. Este documento deberá conter:

- Distancias entre a obra e o ben, cualificación do impacto e proposta de medidas correctoras.
- Fotografía do elemento e da zona na que se van a executar as obras.
- Identificación en planimetría de detalle das pistas que se van a executar neses ámbitos, sinalando a proposta.
- Nas áreas de protección dos bens do patrimonio cultural, non se poderá realizar ningún tipo de obras relacionadas co proxecto, non previstas no documento, como o parque de maquinaria, instalacións de casetas, e acumulación de terras e materiais.
- Existen determinados usos, sobre todo forestais, que son incompatibles coa conservación e protección dos bens do patrimonio cultural; especialmente os de carácter arqueolóxico. Sendo necesario que se comunique aos novos propietarios a existencia destas limitacións derivadas da protección do patrimonio Cultural.
- Deberase realizar unha delimitación dos bens arqueolóxicos empregando planos topográficos e cartografía catastral, nos que se reflicta a área de ocupación do ben, e unha franxa de protección. Na área de ocupación do ben e na súa franxa de protección, non se poderán levar acabo accións que poñan en risco a conservación destes elementos, como a plantación de árbores ou laboreo de terreo.

4.6.-INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.

Para mellorar a integración paisaxística da zona deberase ter en conta o seguinte:

- O deseño dos viarios farase seguindo as curvas de nivel, e se disporán entre límites de zonas agro-gandeiras e de montes.
- Cando o camiño estea limitado por árbores anchearanse só cara un dos lados, e non a ámbolos dous lados, así manterase a vexetación natural nunha das bandas do camiño.
- Os ecotipos que se empreguen terán que proceder da mesma zona ou zonas similares e se terá en conta o disposto na orde do 17 de marzo de 2005, da Consellería de Medio Ambiente.
- No deseño do novo parcelario favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes, mediante a conservación do maior número posible de elementos lineais, de interese ambiental.
- As especies a utilizar serán compatibles entre si, no espazo e no tempo.
- Procurarase que na reorganización das propiedades as parcelas resultantes da agrupación manteñan as características morfolóxicas do parcelario de orixe.



4.7.-CONDICIÓNS XERAIS.

4.7.1.-Fase de formulación.

4.7.1.1.-Medidas para a redución de impactos.

Todo deterioro que se lle ocasionen as infraestruturas viarias, debido a o uso que se faga delas, durante a fase de explotación deberá ser reparado, aplicase aos elementos do viario que repercutan directamente no medio ambiente, tales como procesos erosivos, contaminantes, etc.

Os propietarios se lle notificará e daráselle información sobre a obriga legal de obter permisos para a corta de especies arboreas, nembergantes se informará de outras obrigas establecidas na normativa vixente en materia de ordenación do territorio, de xestión forestal, conservación da superficie agraria, e a prohibición de plantacións forestais de crecemento rápido, tipo eucaliptus.

Haberá que desenvolver medidas necesarias para evitar os impactos asociados á fase de formulación, entre eles a construción de peches, cortas indiscriminadas de vexetación, e a modificación abusiva de cultivos, e a non posibilidade de plantación de especies aloctonas de crecemento rápido.

Terase en conta o seguinte:

- Durante a fase de replanteo, deberanse efectuar os controis necesarios para garantir a inexistencia de impactos, e no momento no que se detecte , tomaranse as medidas necesarias para evitalos, comunicando a Dirección Xeral de Patrimonio Natural as medidas adoptadas.
- Tomaranse medida para evitar posibles desprendementos nas zonas de fortes pendentes, tanto na fase de acondicionamento, execución e explotación.
- Velarase pola protección dos valores naturais, paisaxísticos e patrimoniais, de interese local.

4.7.2.-Fase de explotación.

Na zona de concentración parcelaria farase un control topográfico dos limites, dos predios de substitución e da traza de camiños.

Con respecto as servidumes, manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Si se cortase o paso dalgunha vía deberanse crear rutas alternativas co mesmo servizo.

4.8.-PLAN DE SEGUIMIENTO E VIXILANCIA AMBIENTAL.

4.8.1.-Fase de formulación.-

Redactarase un programa de vixilancia e seguimento Ambiental que terá en conta todos os impactos avanzados no estudo de impacto ambiental. Dito programa terá como obxecto garantir o cumprimento das medidas protectoras e correctoras que estean contempladas no Estudo de Impacto Ambiental e no condicionado do informe. As actuacións que se executen e se integren na documentación, incluíndo as referentes ás actuacións ambientais e as de patrimonio deberán quedar reflectidas en planos de escala adecuada, e estar dotadas de partidas orzamentarias correspondentes, e terán o seu felexo no capítulo de orzamentos do Proxecto de Concentración Parcelaria. Será o órgano substantivo o responsable de que se acaden os fins a conseguir, tendo en conta o seguinte:

- Deberá designarse un responsable para lograr a máxima coordinación e eficacia no cumprimento da declaración.



- Todas as tomas de muestras deberán ser realizadas por organismos de control autorizados ou entidades homologadas, e os resultados deberán ser asignados por un técnico autorizado.
- As tomas de mostras serán representativas e tamén as medicións, e realizaranse durante as labores de maior incidencia, sobre os indicadores obxecto de control.
- Si durante a realización do programa se detectasen impactos imprevistos, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural terá que propoñer as medidas correctoras necesarias. Si se puxeran de manifesto impactos ambientais severos ou críticos se comunicará ao órgano competente.

No programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental se incluírá un Plan de Control de augas e funcionamento das estruturas de drenaxe, coas medidas propostas, engadindo a súa vez as propostas informadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural. No que respecta a calidade das augas superficiais se indicarán as análises de augas que se realizarán, así como os puntos de mostra e a frecuencia das análises. Se seleccionarán os puntos de toma de mostras, augas arriba e augas abaixo, da zona afectada.

Será a dirección Xeral de Desenvolvemento Rural antes do inicio das obras a que remita ao órgano competente, para a súa avaliación o Proxecto de Camiños e Obras inherentes, o Proxecto de Acondicionamento e o Proxecto de Obras Complementarias. Nos proxectos remitidos haberá que poñer de manifesto a análise das alternativas estudadas, e terá un anexo específico no que se incluírán as medidas protectoras, correctoras e compensatorias propostas no EslA, haberá que incluír tamén a delimitación do perímetro, zonas de exclusión, superficie real dos camiños, descrición de drenaxe transversal, a necesidade de utilizar explosivos, proxecto de integración paisaxística e programa de vixilancia ambiental.

Cando a execución das obras se divida en fases, os proxectos presentados se poderán presentar de forma que contemplen o total das obras, ou que contemplen as obras realizadas en cada fase.

Elaboraranse os informes de Programa de Vixilancia Ambiental, Proxecto de Integración Paisaxística e o Proxecto Arqueolóxico das obras que se van a realizar.

4.8.2.-Fase de execución e de explotación: nesta fase levarase a cabo o programa de Vixilancia Ambiental do que se responsabilizará a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, e como órgano substantivo, estará o disposto no artigo 52 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, modificada pola Lei 9/2018 de 5 de decembro.

Durante a fase de execución de obras se elaborarán os informes de seguimento:

a) Semestralmente, elaborárase un informe de avance, coa descrición da realización dos traballos, en relación a todos os compoñentes do proxecto de concentración acompañado do plano da situación real ds obras.

Memoria do seguimento ambiental no que se inclúa os resultados dos plans de seguimento do control de calidade de augas, como o funcionamento da rede de drenaxe e mantemento do réxime hidrolóxico. Incluírase un control da presenza de parellas reprodutoras de aves de interese.

Haberá que detallar na memoria os resultados da aplicación das medidas correctoras, compensatorias, incidencias, etc. Incluírá unha reportaxe fotográfica dos aspectos ambientais máis relevantes da actuación, indicando data e hora e un plano de localización.

b) Antes da emisión da acta de recepción de obra haberá que:

- Facer memoria resumo sobre o seguimento ambiental realizado, na que consten os controis ambientais e medidas protectoras e correctoras reflectidas no estudo ambiental.



- Realizarase un seguimento da superficie ocupada pola vexetación autóctona, antes e despois da concentración parcelaria.
- Por último, farase un reportaxe fotográfico, que mostre os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, indicando data e hora, acompañadas dun plano de localización.



PROPOSTA

Logo da avaliación de impacto ambiental simplificada realizada, propónse formular o informe de impacto ambiental que conclúe que nos termos arriba recollidos, o proceso de Concentración Parcelaria de Viladonga no concello de Castro de Rei (Lugo), non é previsible que xere efectos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinario.

☐ Xefe de Avaliación Ambiental de Proxectos.


Manuel Díaz Cano

CONFORME

O Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental


José Manuel Tobío Boquete

RESOLVO formular o informe de impacto ambiental da Concentración Parcelaria de Viladonga, no concello de Castro de Rei (Lugo), promovida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, en cumprimento do disposto no artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro de avaliación ambiental.

Este informe farase público a través do Diario Oficial de Galicia e da Páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<http://cmaot.xunta.gal/>).

De acordo co artigo 47.6 da Lei, contra este informe de impacto ambiental non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto.

Santiago de Compostela, a 13 de Febreiro de 2019.

Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático


María Cruz Ferreira Costa